

Casa con escudo, rúa Galicia

090264

Datos de Localización

Casa Vivenda

Nomenclator:	3203220
Coord. UTM:	X: 60537715 Y: 465781847
Concello:	Xinzo de Limia
Parroquia:	XINZO DE LIMIA
Lugar:	Xinzo de Limia
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Casas Vivendas
Subtipo:	Casa Vivenda
Denominación:	Casa con escudo, rúa Galicia
Etape Histórica:	Idade Moderna
Estilo relevante	Indeterminado



Outros Estilos:

Descrición:

Esta casa está hoxe moi transformada nunha das súas partes polo que practicamente pasa desapercibido que en realidade formasen unha unidade as actuais dúas vivendas, de tal maneira que en documentación como a ficha do planeamento urbanístico do Concello de Xinzo de Limia só se faga referencia á parte que porta o escudo que foi a que conservou mellor o inmovible orixinal.

A obra está realizada en perpiaño encintado no lado oeste. Os ocos, arquitrabados, debían organizarse da seguinte maneira: no baixo abríanse dous portalóns nos extremos conservados hoxe, un deles, o do lado este debeu dispor dun cobertizo, e no centro unha porta de entrada ampla, o dobre da que existe na actualidade, xa que como pode verse foi tapiada a metade con cachotería. Na lumieira porta unha cruz de calatrava que centraba a porta que se viu afectada pola reforma do acceso. Ademais dos ocos preexistentes, no lado oeste abriuse un novo vano, que non existiría na composición orixinal recoñecible ademais por ter maior altura que os restantes.

Na parte alta dúas fiestras acompañan a un escudo no centro (sen gardar equidistancias), unha delas con un baquetón superior a modo de topete, sen saber como se organizaría no outro lado debido que aquí é onde se realizou a transformación máis profunda co rasgado no muro de tres portas que dan a un balcón volado. Ó mesmo tempo elevouse a cota do muro nesta zona, polo que a sinxela pero grande cornixa en caveto está máis alta que a correspondente da zona do escudo.

Unha porta de entrada con escada de cantería sitúase na fachada que mira ó leste. Esta debía contar con patín parcialmente cuberto que hoxe está pechado por unha estrutura de cemento.

O escudo partido ten no primeiro cuartel, unha espada baixa acompañada de seis roeles ou bezantes en dúas filas de tres. No segundo cuartel, cruz, aguija e tres frores de lis. Timbrado de ielmo mirando á esquerda coa bisera aberta. Adornado de lambrequíns.

DOCUMENTACIÓN:

Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do Concello de Xinzo de Limia. Clave de Identificación: C-27

Características Construtivas

Plantas: B+1
Edif. Anexas:
Mat. Fachada: Granito
Mat. Estrutura:
Mat. Cuberta: Tella curva
Elementos singulare
Construtivos:
Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros
Area de Protección: 100m.

Protección

Tipo de ben: BIC
Proposta de tipo de ben:
Estado de Tramitación: Declarado
Nivel de Protección Arq.: Estrutural
Proposta Nivel de Protección Arq.
Grao de Protección Arq.: ----
Proposta Grao de Protección Arq. ----
Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 571 / 1963 do Ministerio de Educación Nacional.
Titularidade
Polígono:
Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo
Uso Actual: Vivenda
Alteracións Morfolóxicas
Tipo:
Data:
Descrición:
Proxecto:
Axentes:

Observacións:

Bens Mobles







